



DATOS IDENTIFICATIVOS

Dereito: Teoría do dereito

Materia	Dereito: Teoría do dereito			
Código	V08G081V01102			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Dereito privado			
Coordinador/a	Pacho Blanco, José Manuel			
Profesorado	Feijoo Miranda, Jose Pacho Blanco, José Manuel Pérez Álvarez, Luís			
Correo-e	xmpacho@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A asignatura de Teoría do Dereito é fundamental para a debida formación dun graduado en Dereito. Máis aínda, coa nova comprensión das disposicións legais que se ten producido nos últimos anos e que trascenden o positivismo para trasladar o núcleo do debate jurídico cara a aplicación e a interpretación da norma.			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
B2	Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual
B3	Ser capaz de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica
B4	Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
C7	CE7 - Reconstruír e avaliar argumentacións xurídicas complexas
C8	CE8 - Coñecer dende a Teoría do Dereito as principais institucións xurídicas, as funcións do Dereito, as características dun ordenamento xurídico: unidade, coherencia, integridade; os principios e valores constitucionais coa finalidade de poder aplicar estes coñecementos na resolución pacífica dos problemas dunha sociedade actual, utilizando a interpretación e argumentación xurídicas como consecuencia dun pensamento crítico, lóxico e creativo
C33	CE41 - Saber interpretar e aplicar as normas que regulan os dereitos fundamentais así como as súas garantías
C34	CE42 - Saber interpretar e aplicar a nova normatividade xerada polas devanditas transformacións
D1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.
D2	Uso de linguas estranxeiras nas actividades das diferentes materias.
D3	Capacidade para a toma de decisións de forma autónoma e independente de liderado e capacidade para o traballo cooperativo en equipo, como habilidades nas relacións interpersoais que favorezan a eficacia interpersoal.
D4	Capacidade de comportarse de maneira ética e con responsabilidade social como cidadán e como profesional, respectando a diversidade e multiculturalidade.
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
O obxectivo básico desta materia é formar aos estudantes no coñecemento e aplicación do Dereito como sistema de resolución pacífica dos conflitos sociais dende un marco de referencia mais abstracto que os das materias propias da dogmática xurídica, cun acercamento dos xuristas ao concepto e as funcións do Dereito, ao estudo do Ordenamento xurídico e da teoría da norma xurídica, das principais institucións, dos principios e valores recoñecidos na Constitución e das relacións do Dereito con outros ordenamentos normativos.	A1	B1	C7	D1
	A2	B2	C8	D2
	A3	B3	C33	D3
	A4	B4	C34	D4
	A5			D5

Contidos

Tema

I. O Dereito como forma de organización social e como sistema normativo.	<p>Lección 1. O concepto de Dereito.</p> <ol style="list-style-type: none">1.- Por que o Dereito?2.- O concepto de Dereito.3.- Positivismo e lusnaturalismo.4.- O Dereito como sistema normativo.5.- Validez, eficacia e xustiza. <p>Lección 2. O Dereito como forma de organización social.</p> <ol style="list-style-type: none">1.- O Dereito como forma de organización social.2.- O control social e o Dereito.3.- Dereito e cambio social.4.- As funcións do Dereito. <p>Lección 3. O Dereito e outras ordes normativas.</p> <ol style="list-style-type: none">1.- Introducción: o Dereito e outras ordes normativas.2.- O Dereito e os usos sociais.3.- O Dereito e a moral.4.- Conexións entre Dereito e moral.5.- Ética pública e ética privada.6.- O Dereito como realización da moralidade: moral legalizada.7.- A obediencia ao Dereito. Resistencia, desobediencia e obxección de conciencia. <p>Lección 4. Dereito e Forza.</p> <ol style="list-style-type: none">1.- Dereito e forza.2.- Dereito e poder político: aproximación histórica.3.- Dereito e poder: aproximación sistemática.4.- O Estado de Dereito e os seus tipos.5.- A Crise dos Estados modernos.
II. A ciencia do Dereito.	<p>Lección 5. O coñecemento científico do Dereito.</p> <ol style="list-style-type: none">1.- Introducción: a polémica sobre a súa existencia.2.- A ciencia do Dereito.3.- A socioloxía do Dereito.4.- A filosofía do Dereito
III. Teoría do Dereito: a norma xurídica e o ordenamento xurídico.	<p>Lección 6. A norma xurídica.</p> <ol style="list-style-type: none">1.- A norma como proposición prescritiva.2.- Principais dimensións da norma xurídica.3.- Clasificación das normas xurídicas.4.- Principios e regras. <p>Lección 7. O ordenamento xurídico.</p> <ol style="list-style-type: none">1.- O ordenamento xurídico como sistema.2.- A unidade do ordenamento xurídico.3.- A coherencia do ordenamento xurídico e o problema das antinomias.4.- A plenitude do ordenamento xurídico e as lagoas.5.- Conclusións: a comprensión do ordenamento xurídico. <p>Lección 8. A produción normativa.</p> <ol style="list-style-type: none">1.- A produción normativa.2.- O Dereito legal e o Dereito xudicial.3.- Outras normas de produción normativa: especial referencia ás fontes do Dereito da Unión Europea.4.- Concepto e clasificación das fontes normativas.5.- Tipos de fontes do Dereito no ordenamento xurídico español.

IV. Interpretación e aplicación do Dereito.	<p>Lección 9. Interpretación e aplicación do Dereito.</p> <p>1.- Interpretación e aplicación do Dereito.</p> <p>2.- Os criterios de interpretación.</p> <p>3.- A interpretación da Constitución.</p> <p>4.- O Dereito como argumentación.</p>
V. Conceptos xurídicos fundamentais.	<p>Lección 10. Conceptos xurídicos fundamentais.</p> <p>1.- A relación xurídica.</p> <p>2.- O dereito subxectivo.</p> <p>3.- O deber xurídico.</p> <p>4.- A sanción xurídica. Ilícito e delito.</p>
VI. Os problemas do Dereito xusto e a eficacia do Dereito.	<p>Lección 11. Xustiza e Dereito.</p> <p>1.- Xustiza e Dereito.</p> <p>2.- As relacións entre dereito e política.</p> <p>3.- As teorías da Xustiza.</p> <p>4.- A teoría da Xustiza de John Rawls.</p> <p>Lección 12. A lexitimidade do poder e xustiza do Dereito.</p> <p>1.- Lexitimidade do poder e xustiza do Dereito.</p> <p>2.- A xustiza formal: a seguridade xurídica.</p> <p>3.- A xustiza material: liberdade, igualdade e solidariedade.</p> <p>4.- Os dereitos fundamentais, os valores e os principios como desenvolvemento da idea de xustiza.</p> <p>Lección 13. O Dereito como sistema de garantías.</p> <p>1.- A crise do Dereito e a crise da razón xurídica: o modelo garantista.</p> <p>2.- Racionalidade formal e sustancial.</p> <p>3.- Democracia formal e democracia sustancial.</p> <p>4.- O papel do xuíz nas democracias actuais.</p> <p>5.- A ciencia xurídica e o reto da complexidade.</p>

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas e/ou exercicios	23.5	45	68.5
Sesión maxistral	50	71	121
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	3	12	15
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	3	17.5	20.5
Outras	0	0	0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Formulación e resolución de dúbidas teóricas e prácticas.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Resolución de casos prácticos, destinados a valorar a correcta comprensión e aplicación dos contidos da materia, a análise e o razoamento críticos.	20	A1 A2 A3 A4	B1 B2 B3 B4	C7 C33	D1 D3 D5
Para superar a materia será necesario acadar nas probas una nota media de 5 puntos Os alumnos cando se avalían de esta metodoloxía están avaliando o resultado de aprendizaxe que figura no apartado segundo da guía docente						
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Proba obxectiva dirixida a provocar a lembranza da aprendizaxe previa. Poderá consistir na realización dunha pregunta longa, de varias preguntas curtas ou nunha proba tipo test.	70	A1 A3 A4 A5	B1 B2	C7 C8 C33 C34	D1 D4
Para superar a materia será necesario acadar nesta proba un mínimo de 5 sobre 10.						
Outras	Avaliación periódica das intervencións, da exposición e debate, e comprensión e razonamento crítico na aula.	10	A3 A4	B3 B4	C7 C33	

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. Primeira Convocatoria ordinaria.

-Sistema de avaliación continua. Os alumnos e alumnas que se acollan ao sistema de avaliación continua serán avaliados segundo os criterios sinalados anteriormente.

Na proba final, o exame suporá o 70% da cualificación final, tendo que a acadar o estudante unha cualificación mínima de 5 sobre 10, para que sexan tidas en conta as cualificacións obtidas mediante o sistema de avaliación continua.

O exame consistirá no desenvolvemento de dúas preguntas de resposta longa, de conformidade coas indicacións que no seu momento se concretarán. As notas obtidas no proceso de avaliación continua conservaranse para a segunda convocatoria sempre que o estudante alcance a cualificación mínima de 5 sobre 10.

-Sistema de exame final. Os alumnos e alumnas que non seguiron ou non superaron a avaliación continua terán dereito a un examen final teórico e práctico no que se avaliarán as competencias globais da materia e constituirá o 100 % da cualificación da materia.

O exame consistirá nunha parte teórica donde se farán dúas preguntas de resposta longa; e na parte práctica se desenvolverá un caso práctico e se contestará a unha serie de preguntas relacionadas co mesmo.

2. Segunda convocatoria ordinaria.

Os estudantes que superando a avaliación continua non alcanzasen a cualificación mínima farán un exame similar ao da primeira convocatoria, e se lles conservarán as cualificacións obtidas no proceso de avaliación continua.

Os estudantes que non se acollesen a avaliación continua terán dereito a un exame final teórico e práctico similar ao da primeira convocatoria, que constituirá o 100 da cualificación da materia.

3. Convocatoria fin de carreira.

Para aqueles estudantes que se matriculen na convocatoria de fin de carreira, o exame consistirá nun exame sobre a materia obxecto do Programa da asignatura.

As datas de exame de todas as convocatorias estarán fixadas e a disposición dos estudantes tanto na propia Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo como na súa páxina web.

Recoméndase para os estudantes que participen na avaliación continua que suban a súa ficha de estudante á plataforma TEMA.

Bibliografía. Fontes de información

PECES-BARBA MARTÍNEZ, G. et al, **Curso de Teoría del Derecho**, Marcial Pons,

DE LUCAS, J. et al, **Introducción a la teoría del Derecho**, Tirant lo Blanch,

BOBBIO, N., **Teoría General del Derecho**, Editorial Debate,

ATIENZA, M., **El sentido del Derecho**, Ariel,

PÉREZ LUÑO, A. E. et al, **Teoría del Derecho**, Editorial Tecnos,

BONORINO RAMÍREZ, P. R., **Introducción á teoría do dereito**, Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo,

PRIETO SANCHÍS, L. et al, **Lecciones de Teoría del Derecho**, Editorial Mac Graw Hill,

KELSEN, H., **Teoría Pura del Derecho**, Editorial UNAM,
HART, H. L. A., **El Concepto de Derecho**, Abeledo Perrot,
ROSS, A., **Sobre el derecho y la justicia**, Eudeba,
DWORKIN, R., **Los derechos en serio**, Ariel,
ALCHOURRÓN, C. - BULYGIN, E., **Análisis lógico y Derecho**, CEC,
NINO, C. S., **Introducción al análisis del derecho**, Depalma,
DWORKIN, R., **Justice for hedgehogs**, Belknap Harvard,

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Dereito: Dereito constitucional I/V08G081V01103

Dereito: Dereito romano/V08G081V01104

Outros comentarios

Preténdese con esta asignatura que o estudante enfoque axeitadamente o estudo das asignaturas futuras e que obteña unha comprensión adecuada da dimensión xurídica.

Tamén se examinarán as últimas correntes doutrinais e xurisprudenciais fundamentais para entender o sentido do Dereito: postconstitucionalismo, postpositivismo, etc.
